



Lugo, 15 de maio de 2024

Prezada familia,

Unha vez rematado o proceso ordinario de escolarización para o curso 2023-2024, queremos facer unha reunión presencial con vosoutros para que teñades a oportunidade de visitar o futuro centro da vosa filla/o e coñecemos persoalmente.

A reunión celebrarase no salón de actos do centro, o mércores 29/05, ás 17:00 horas.

Os temas a tratar na mesma serán os seguintes:

1ª parte (todas as familias do alumnado admitido)

1. Presentación
2. Novidades na etapa da Ensinanza Secundaria Obrigatoria
3. Prematrícula
4. Atención á diversidade
5. Funcionamento do centro
6. Rogos e preguntas

2ª parte (só para as familias que non asistiran á reunión de portas abertas en febreiro)

7. O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes
 - a. Proxecto educativo
 - b. Orientación
 - c. ANPA.
8. Visita das instalacións.

A reunión terá unha duración aproximada dunha hora e vai dirixida ás familias de todos os alumnos e alumnas admitidos en 1º da ESO. Por cuestións de aforo prégame que non asista mais dunha persoa por familia.

Nunha data posterior farase tamén unha invitación ao seu fillo/a. para visitar o centro xunto cos seus futuros compañeiros e compañeiras.

Atentamente,

Francisco Núñez
Dirección

P.D. Xunto a esta convocatoria achégase documento de prematrícula que comentaremos na reunión e que se espera se traia xa cuberta para a reunión.